

CONVOCATORIA DE AXUDAS A PROGRAMAS DE ACTIVIDADES ESTUDANTÍS

BASES

1. Obxectivos e campo de aplicación

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) pretende, a través desta convocatoria, estimular as iniciativas estudiantís encamiñadas ao desenvolvemento do tecido asociativo, á xeración de hábitos participativos e ao coñecemento da Universidade por parte do alumnado.

Para tal efecto establécense partidas económicas dedicadas ao financiamento dos seguintes programas de actividades:

a) Proxectos de dinamización da información e participación estudiantil:

- campañas informativas para dar a coñecer a asociación.
- campaña publicitaria sobre as actividades que desenvolva a asociación.
- material de imprenta, carteis, autocolantes, etc. para a realización das actividades da asociación.

b) Participación e organización de congresos, charlas, mesas de debate e foros de estudantes:

- axudas para a organización de congresos (infraestrutura, aloxamento, etc.)
- axudas para a organización de charlas e mesas de debate (infraestrutura, aloxamento, etc.).
- axudas de custo para os conferenciantes (de acordo coa normativa e os impresos aprobados pola USC).
- axudas para que os membros das asociacións asistan a congresos e foros estudiantís (deberá acreditarse cos correspondentes certificados de asistencia).

c) Realización de actividades de carácter social no eido universitario:

- axudas para organización de actividades que desenvolvan o compromiso social.

d) Publicacións que dean a coñecer as asociacións, as súas actividades ou a problemática social dentro do mundo universitario:

- Axudas para a publicación de libros e revistas de máis de 15 páxinas

2. Solicitantes

Poderán solicitar axudas as asociacións universitarias censadas, antes da data de remate desta convocatoria, no Rexistro da USC.

3. Exclusiones

Para os efectos desta convocatoria quedan excluídas:

- a)** As asociacións que presentaron solicitude na anterior convocatoria de axudas a programas de actividades estudiantís e que non presenten memoria xustificativa das actividades realizadas no ano 2011.

- b) As axudas que non sexan solicitadas polo/pola presidente/a-coordinador/a da asociación ou persoa da xunta directiva na que delegue.
- c) As actividades e publicacións de carácter cultural.
- d) As actividades que deberan ser subvencionadas por unha facultade ou escola da USC de acordo co seu plan de estudos.
- e) As actividades que non teñan unha temática que afecte ou interese directamente aos/ás estudantes.
- f) As asociacións non rexistradas de acordo co punto 2 desta convocatoria.
- g) As asociacións que incumpran o punto 4 desta convocatoria.
- h) Para os efectos desta convocatoria non se consideran gastos subvencionables os gastos de adquisición de material inventariable de carácter informático e/ou fotográfico.

4. Solicitudes: lugar, prazo de presentación e contido

- a) **Lugar:** As solicitudes efectuaranse no modelo que figura como anexo a esta convocatoria, dirixiranse ao xefe do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado (Pavillón Estudiantil, Campus vida, 15782 Santiago de Compostela) e presentaranse:
 - No Rexistros Xerais da Universidade sitos: no Campus de Santiago na Reitoría (Colexio de San Xerome, Praza do Obradoiro s/n) e no Campus de Lugo no Edificio Servizos Administrativos e Biblioteca Intercentros.
 - Por calquera dos procedementos recollidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- b) **Prazo:** Dende o día seguinte á data de publicación deste documento e ata as 14 horas do 20 de xaneiro de 2012.
- c) **Deberán conter:**
 - Impreso de solicitude correctamente cuberto en todos os seus apartados (**Anexo I**).
 - Declaración do/a presidente/a ou coordinador/a da asociación, autorizando a outro membro da xunta directiva a presentar a solicitude en nome da asociación (**Anexo II**).
 - Certificación do/a presidente/a ou coordinador/a da asociación na que conste o número de membros da asociación. (**Anexo III**)
 - Copia do último exemplar da publicación para a que se solicita subvención. De ser unha publicación de nova creación, maqueta da mesma.
 - Para as asociación que presentaron solicitude na anterior convocatoria de axudas a programas de actividades estudiantís:
 - i. Memoria de execución das actividades realizadas no ano 2011, que deberá incluír un informe económico coa execución de gastos e, no seu caso, da subvención recibida na anterior convocatoria. Unha declaración doutras axudas recibidas para as actividades realizadas e, no seu caso, unha xustificación das actividades previstas na solicitude da anterior convocatoria e non realizadas.
 - ii. Proxecto das actividades a realizar no ano 2012 para as que se solicita axuda. Esta

deberá conter unha exposición de motivos das actividades propostas, a quen van dirixidas, datas aproximadas de celebración e orzamento que xustifique a cantidade solicitada e unha declaración doutras axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Para as restantes asociacións:
 - i. Proxecto das actividades a realizar no ano 2012 para as que se solicita axuda. Esta deberá conter unha exposición de motivos das actividades propostas, a quen van dirixidas, datas aproximadas de celebración e orzamento que xustifique a cantidade solicitada e unha declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

A Vicerreitoría de Estudantes e Formación Continua poderá requirir aos/ás solicitantes que aclaren ou completen a documentación presentada, dispoñendo dun prazo de **5 días hábiles desde que se lles comunique por correo electrónico ao enderezo que se cumprimenta na solicitude**. Se rematado este prazo non o fixeran a solicitude de subvencións arquivarase sen máis trámite.

5. Avaliación e selección

A Comisión de Avaliación estará formada polo Vicerreitor de Estudantes, Cultura e Formación Continua que a presidirá e polos membros da Comisión de Actividades Culturais, delegada do Claustro Universitario, que será a competente para realizar a avaliación e selección das solicitudes que se presenten.

Na avaliación das solicitudes valoraranse os seguintes aspectos:

- a) Memoria e/ou Proxecto, valorarase ata un máximo de 50 puntos:
 - Ás asociacións que presentaron solicitude na anterior convocatoria valoraráselle:
 - i. A Memoria de execución das actividades realizadas no ano 2011.
 - ii. O proxecto das actividades a desenvolver no ano 2012 para as que se solicita subvención.
 - Ás asociacións que non participaron na anterior convocatoria valoraráselle o proxecto das actividades a desenvolver no ano 2012 para as que se solicita subvención.
- b) Asociacións que contén con representación no Claustro da USC. Requirirase ter concorrido ás eleccións como asociación e valorarase ata un máximo de 15 puntos (outorgarase 1 punto por cada representante acadado pola asociación solicitante).
- c) Asociacións con representación en órganos de representación da USC no campus de Santiago e no campus de Lugo. Requirirase ter concorrido ás eleccións en nome da asociación solicitante e valorarase con 10 puntos
- d) Representatividade da asociación en varios centros (Facultades, Escolas, Institutos, Residencias Universitarias ...), valorarase hasta un máximo de 10 puntos:
 - Neste apartado valorarase a representación acadada polos membros da asociación nas eleccións aos órganos de representación desta Universidade (1 punto por cada centro no que se obtivese representación a asociación solicitante).
- e) Número de membros da asociación, valorarase ata un máximo de 10 puntos (outorgarase 1 punto por cada 25 asociados).
- f) Valorarase o emprego da lingua galega hasta un máximo de 10 puntos en función do seu emprego na difusión da asociación, nas actividades realizadas e na difusión das mesmas, e do seu uso na elaboración da memoria, do proxecto de actividades a desenvolver e nas publicacións.

O Valor de cada punto virá determinado pola suma de puntos acadados por todas as asociacións que van recibir subvención e o importe asignado pola Vicerreitoría de Estudantes e Formación Continua para esta convocatoria nos orzamentos do ano 2012. O importe da subvención outorgada a cada asociación calcularase multiplicando o valor do punto pola puntuación obtida por cada asociación no proceso de avaliación e selección.

En ningún caso a subvención outorgada poderá ser superior ao importe total solicitado por cada asociación para a realización das actuacións previstas no proxecto de actividades a desenvolver durante o ano 2012 para o que se solicita subvención.

6. Prazo de resolución

A Vicerreitoría de Estudantes e Formación Continua fará pública a resolución da convocatoria e a puntuación obtida por cada un dos solicitantes **o día 28 de febreiro de 2011** nos taboleiros de anuncios do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, no da Reitoría da USC, no da Vicerreitoría de coordinación e planificación do campus de Lugo e na páxina web <http://www.usc.es/gl/perfis/estudantes/asociacions/convocatorias.html>

7. Aplicación e seguimento das axudas

- a) A aceptación da axuda implicará o compromiso da asociación a executar a subvención recibida nas actividades para as que se solicitou axuda. Se no prazo de vinte días dende a publicación da resolución da convocatoria non se presenta renuncia, entenderase que se acepta a axuda.
- b) Calquera modificación substancial do programa orixinalmente aprobado deberá ser comunicada a esta Vicerreitoría solicitando a necesaria autorización para proceder a ela.
- c) A Comisión de Actividades Culturais, delegada do Claustro Universitario, poderá utilizar todos os procedementos que considere necesarios para seguir a aplicación das cantidades que se conceden.
- d) Na publicidade das actividades e publicacións derivadas destas farase constar que foron financiadas ou cofinanciadas pola Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Formación Continua da Universidade de Santiago de Compostela.
- e) Esta Vicerreitoría reservarase o dereito de comprobar os datos contidos na solicitude de subvención, verificar a realización das actividades subvencionadas e difundir e dar a coñecer estas publicamente. En caso de comprobarse que se produciu ocultación ou falseamento de datos, que non se realizaron as actividades subvencionadas ou que non se incluíu a difusión da subvención recibida, esta vicerreitoría poderá modificar, ou mesmo revocar a axuda concedida.
- f) Os pagamentos derivados da aplicación das axudas serán tramitados e librados aos perceptores polo centro de gasto da devandita Vicerreitoría, **como máximo ata o día 16 de novembro de 2012**, non aboándose ningunha cantidade despois desa data.

8. Incidencias

O Vicerreitor de Estudantes, Cultura e Formación Continua resolverá as consultas, dúbidas ou incidencias que se produzan na aplicación desta convocatoria.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderán interpoñer recurso contencioso administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8 da Lei da xurisdición contencioso administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, e de acordo cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderán, previamente, interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, tamén contado desde o día seguinte á súa publicación, perante este órgano.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2011

O Vicerreitor de Estudantes e Formación Continua

(P.D., R.R. de 9 de xullo de 2010, DOG do 6 de agosto)

Francisco R. Durán Villa